



ÍNDICE - SUMARIO

N.º 211

Volume XLIII

xaneiro-febreiro 2019



Guieiro

por Pedro Castelao 3

Estudos

Falando sobre as finanzas en católico: significados dun
documento vaticano
por Raúl González Fabre 5

Repensar a inxustiza nun mundo ciber-conectado desde
claves teolóxico-políticas
por Montserrat Escribano-Cárcere 21

Ditosos os pobres porque voso é o Reino de Deus (Mt 5, 20)
por Carme Soto Varela 36

Achegas

Na escola dos pobres (2)
por Xosé A. Miguélez Díaz 51

Aporofobia: un desafío para a democracia
por Santiago González Avión 60

Traballo e empobrecemento. Implicación da HOAC
por HOAC de Galicia 71

Fiesta aberta

Testamento do P. Christian de Chergé, prior do Mosteiro de Tibhirine
(Alxeria), feito dous anos antes da súa morte
por Christian de Chergé 81



Documento da paz 2018

É posible outra Igrexa, servidora e comunitaria
por Coordinadora de Crentes Galegos 84

Crónica

Presentación en Vigo da obra *As Letras Galegas na Encrucillada*
por Raquel Gómez Fuentes 89

Carta desde a banda da esperanza
por Manuel Regal Ledo 90

Homenaxe

Homenaxe a Alfonso Blanco Torrado
por Manuel Regal Ledo 104

Recensións

*La sinfonía femenina (incompleta) de Thomas Merton /
Thomas Merton. Viver com sabedoría*
por Ramón Cao Martínez 106

Adeus, capitán Walton
por Henrique Rabuñal 111

El arte de acompañar
por Carlos Bragado Gutiérrez 113

Ilustracións

por Soedade Pite 27, 65



Elixida pola «Fundéu» coma palabra do ano 2017, aporofobia, é un neoloxismo creado por Adela Cortina que significa medo, rexeitamento ou mesmo odio ao pobre.

A cuestión é fonda e merece análise e reflexión, porque nela se concentran problemas estruturais de índole económica, política, sociolóxica, laboral e tamén relixiosa.

Raúl González Fabre abre o número cun estudo no que se comenta, se explica e se aclara un documento relativamente recente da Santa Sé que, porén, case non tivo repercusión pública ningunha. Trátase do texto titulado: *Oeconomicae et pecuniariae quaestiones*, presentado pola Congregación para la Doutrina da Fe e o Dicasterio para o Servizo do Desenvolvemento Humano Integral en maio de 2018. A xuízo do autor temos nese documento: «un bo resumo das conclusións fundamentais do pensamento católico respecto da economía contemporánea, sobre todo, nos seus aspectos financeiros. A súa cuestión de fondo é que deberían cambiar concretamente as finanzas globais para estar ao mellor servizo da persoa». No número 210 de *Encrucillada* Fernando Vidal xa o presentou en liñas xerais. Agora aportamos estoutro estudo máis polo miúdo.

Afondando no tema, Montserrat Escribano Cárcel opta por unha perspectiva máis filosófica, centrada na análise social do impacto da tecnoloxía e as redes de comunicación no ser humano, para abordar a cuestión da inxustiza e das vítimas na liña teolóxica da teoloxía política europea do pasado século, con acenos á cuestión de xénero e ao que a autora chama «neuroteoloxía».

Carme Soto Varela achéganos á predicación de Xesús de Nazaret verbo do Reino de Deus cun estudo que pon a mirada non só na centralidade dos pobres e da súa acollida por parte de Xesús, senón tamén nos factores ambientais da época que axudan a resaltar mellor a significación última de moitas das pasaxes neotestamentarias coas que máis familiarizados estamos.

Tres achegas complementan estes tres estudos.

Santiago González Avión comenta e afonda no libro de Adela Cortina titulado, precisamente, *Aporofobia, el rechazo al pobre*. Un

desafío para la sociedad democrática (2017). Non só explica en que consiste este fenómeno, senón que indaga no seu proceso de construción e, sobre todo, nas formas máis axeitadas de combatelo.

Desde a HOAC-Galicia ofrécennos unha reflexión acerca do traballo nun contexto capitalista no que a falta de sensibilidade para a precariedade e o desemprego ocultan a fonda deshumanización que se pode agochar mesmo en situacións globais de bonanza económica. Hai aquí unha sincera chamada a recuperar en homilías e predicacións a rica, actual e inequívoca doutrina da Igrexa ao respecto.

Xosé Antón Miguélez envíanos a segunda entrega da súa particular «Escola de Pobres», na que o autor, segundo el mesmo di, achega: «testemuños de vivencias con persoas que na súa pobreza ou febleza me enriqueceron en humanidade e fe, pois coas súas accións e palabras reveláronme algo da bondade e da grandeza de Deus». *Aporofilia* en estado puro.

Na fiestra aberta publicamos o testamento espiritual do P. Christian de Chergé, prior do Mosteiro de Tibhrine (Alxeria), feito dous anos antes do seu asasinato martirial.

Raquel Gómez Fuentes fixo unha breve crónica do acto de presentación, en Vigo, da monografía que publicou *Encrucillada* co gallo dos seus corenta anos homenaxeando aos autores celebrados no día das Letras Galegas.

Manolo Regal escribiu un poema dedicado a Alfonso Blanco Torrado para facer presente á nosa revista na xusta e merecida homenaxe coa que se celebrou a vida deste cura comprometido con Galicia e coa súa vocación de relixiosa entrega e servizo.

Co Documento da Paz da Coordinadora de crentes galegos, a Crónica da Igrexa de Manolo Regal, interesantes recensións e os debuxos de Soedad Pite, pechamos un número que esperamos sexa do voso agrado.

Pedro Castelao

